

Abadía Castro de Murguía

ROSALÍA DE CASTRO (1837-1885)

1. BIOGRAFÍA

Nacemento e primeiros anos

Rosalía de Castro naceu o 24 de febreiro de 1837 en Camiño Novo, un arrabalde de Santiago de Compostela, sendo bautizada o mesmo día cos nomes de María Rosalía Rita. No rexistro do Hospital Real de Santiago de Compostela figura como filla de pais descoñecidos. A súa acta de bautizo rezaba:

“En veinte y cuatro de febrero de mil ochocientos treinta y siete, María Francisca Martínez, vecina de San Juan del Campo, fue madrina de una niña que bauticé solemnemente y puse los santos óleos, llamándole MARÍA ROSALÍA RITA, hija de padres incógnitos, cuya niña llevó la madrina, y va sin número por no haber pasado a la Inclusa; y para que así conste, lo firmo.”



José Vicente Varela y Montero

Era filla de María Teresa de la Cruz de Castro y Abadía, fidalga vida a menos, e do sacerdote José Martínez Viojo que, debido á súa condición, non a puido recoñecer nin lexitimar, encargando o seu coidado ás súas irmás. Non obstante, non existe ningunha proba que vencelle a Martínez Viojo coa paternidade de Rosalía nin tampouco cos seus coidados; polo contrario, e de acordo coa documentación achegada pola investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, Rosalía aparece ao coidado da súa nai, en Padrón, con cinco anos de idade.



Formación

Non se sabe exactamente cando nai e filla se trasladaron a Compostela, pero si que en 1850 vivían nai e filla nesa cidade. Alí comeza a formarse en torno á *Sociedad Económica de Amigos del País*. En Santiago recibe formación musical, artística e literaria; participou nas actividades do *Liceo de la Juventud*, lugar de encontro dos

intelectuais comprometidos co movemento provincialista. As súas correntes ideolóxicas, que impregnarán a obra de Rosalía, eran o socialismo e o republicanismo. No liceo coincidiría con Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Juan Manuel Paz Novoa.

Familia

En 1856 trasladouse a Madrid, onde viviu cunha curmá. Comezou a publicar e, en 1858 casou con Manuel Murguía, escritor. A vida do matrimonio fíxose itinerante debido aos cargos funcionariais de Murguía, e mentres, naceron os seus fillos: Alejandra, Aura, os xemelgos Gala e Ovidio, Amara, Adriano e Valentina, nada morta en febreiro de 1877.



Derradeiros momentos de Rosalía



Rosalía botou os derradeiros anos da súa vida en Padrón, onde a familia alugara a casa da Matanza, que hoxe é casa-museo. A morte do seu fillo máis novo aos dous anos por mor dun accidente e a súa enfermidade marcaron o seu final.

Morreu de cancro en 1885, aos corenta e oito anos. Encargou aos seus fillos que queimasen os traballos literarios que, reunidos e ordenados por ela mesma, deixara sen publicar. Dispuxo ser soterrada no cemiterio de Adina, e pedindo un ramo de pensamentos, a flor da súa

predilección, non ben lle foi achegada aos beizos, sufriu un afogo que foi o comezo da súa agonía. Delirante e nubrada a vista, díxolle á súa filla Alejandra: “Abre esa fiestra, que quero ver o mar”, (dende Padrón non se pode ver o mar) e pechando os seus ollos para sempre, expirou.

Recordemos os seus versos:

Co seu xordo e costante mormorio
atráime o oleaxen dese mar bravío,
cal atráí das serenas o cantar.
«Neste meu leito misterioso e frío
-dime-, ven brandamente a descansar».
El namorado está de min... ¡o deño!
i eu namorada del.
Pois saldremos co empeño,
que si el me chama sin parar, eu teño
unhas ansias mortáis de apousar nel.



Foi soterrada no camposanto da Andina. Anos máis tarde, en 1891, os seus restos foron trasladados ao actual Panteón de Galegos Ilustres, na igrexa de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela.



Conxunto escultórico de Rosalía en Barakaldo (Euskadi)

2. OBRA

En prosa e en verso, en galego e castelán, a obra de Rosalía de Castro ocupa un lugar relevante nas letras europeas do século XIX. Os seus manifestos feministas (“*Lieders*” e “*Las literatas*”), o seu avanzado pensamento político e social (*Follas novas*, *El caballero de las botas azules*) ou a súa decidida posición crítica como intelectual convértena nunha figura literaria que concita sempre un renovado e múltiple interese.

En galego		En castelán	
Poesía	Prosa	Poesía	Prosa
<ul style="list-style-type: none"> ○ Cantares gallegos (1863) ○ Follas novas (1880) 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Contos da miña terra (1864) 	<ul style="list-style-type: none"> ○ La flor (1857) ○ A mi madre (1863) ○ En las orillas del Sar (1884) 	<ul style="list-style-type: none"> ○ La hija del mar (1859) ○ Flavio (1861) ○ El cadiceño (1863) ○ Ruinas (1866) ○ Las literatas (1866) ○ El caballero de las botas azules (1867) ○ El primer loco (1881) ○ El domingo de Ramos (1881) ○ Padrón y las inundaciones (1881)


“¡Oh, no quiero ceñirme a las reglas del arte! Mis pensamientos son vagabundos, mi imaginación errante y mi alma sólo se satisface de impresiones.[...]”

Yo soy libre. Nada puede proteger la marcha de mis pensamientos, y ellos son la ley que rige mi destino.”

Lieders

Por outro lado, Rosalía de Castro contribuíu como ningún outro autor do seu tempo na xénese e afirmación do sistema literario galego contemporáneo. A publicación de *Cantares gallegos* supuxo un golpe estratéxico de enorme transcendencia para o futuro das nosas letras. Era o primeiro libro escrito integramente en galego e nel estaban as claves da alegoría nacional da Galicia contemporánea, logo redimensionadas en *Follas novas*. E Galicia continúa sendo o suxeito do seu discurso no que debería considerarse libro cume da poesía en castelán do XIX: *En las orillas del Sar*.

Algunhas obras prosísticas



📖 **La hija del mar:** trátase dun relato de marcado carácter reivindicativo no que dúas mulleres intentan defender a súa honra no medio dun ambiente predominantemente feminino.

📖 **El caballero de las botas azules:** considerada pola crítica a máis interesante das súas novelas e cualificada por esta como un «conto extraño», constitúe unha enigmática fantasía satírica na que a escritora expón unha variedade de relatos de corte lírico-fantástico con trazos costumistas que ten o obxectivo de satirizar tanto a hipocresía como a

ignorancia da sociedade madrileña.

📖 **Conto gallego:** refire un motivo tradicional da literatura misóxina na que dous amigos fan unha aposta coa intención de demostrar cal deles logra seducir á viúva o mesmo día do enterro do seu marido. O trazo característico do conto é a economía narrativa: a trama céntrase no diálogo existente entre os personaxes, mentres que a voz narradora limita as súas intervencións ata o imprescindible.



📖 **Ruinas:** é un cadro de costumes centrado ao redor de tres tipos humanos, tres



habitantes dunha pequena vila, exemplares polos seus valores espirituais, que se sobrepoñen á súa decadencia social.

- 📖 **O primeiro tolo:** novela breve, na que Rosalía obvia a moda realista do momento para retornar ás fórmulas románticas da súa etapa máis xuvenil.

Cantares Gallegos



Primeira edición exposta na Cidade da Cultura

Foi en 1863 cando Manuel Murguía xestionou, sen o permiso da súa muller, a saída do prelo de Cantares Gallegos, obra iniciadora do Rexurdimento pleno.

No limiar, Rosalía confesa a súa idea de desenvolver as cantigas populares galegas emulando o Libro de los cantares de Antonio Trueba, pois o seu quefacer poético está constituído por glosas de cantares ou ditos populares. Así pois, todos os poemas, agás dous, son glosas de cantares,

procedemento este que tamén aparecerá, aínda que con pouca relevancia, en Follas novas.


Na obra atópanse recollidos catro núcleos temáticos fundamentais:

- Temática costumista: presenta crenzas, romarías, devocións ou personaxes característicos da cultura popular galega que Rosalía defendía fronte aos estereotipos colonizadores.
- Temática socio-patriótica: engloba aquelas composicións nas que a emigración, o abandono ao que Galicia está condenada e a explotación dos galegos en terras estranxeiras son os motivos aos que se recorre para criticar a situación dun pobo galego maltratado e reivindicar uns valores universais de xustiza social.
- Temática amorosa: mostra o sentimento amoroso de diferentes personaxes do pobo en distintas circunstancias e situacións.
- Temática intimista: inclúense aquí "Campanas de Bastabales" e "Como chove miudiño". A voz da propia autora expresa os seus sentimentos.

O libro está enmarcado entre os poemas un e trinta e seis, sendo prólogo e epílogo respectivamente. Ademais manifesta unha estrutura circular ao iniciarse cunha composición na que toma a voz unha moza a quen convidan a cantar e ao finalizar coa mesma voz da rapaza que se desculpa pola súa falta de habilidade para cantar as belezas de Galicia.

En Cantares aparecen dous sistemas métricos diferenciados:

- O primeiro está baseado na acentuación posibilitando un marcado ritmo de muiñeira grazas a catro acentos tónicos en cada verso e un flutuante número de sílabas ("Has de cantar"; "a vernos, Marica, nantronte viñeras",...)
- No outro sistema predominan as formas populares de arte menor (romances sobre todo). O verso de arte maior redúcese ó hendecasilabo.
- Unha excepción é o caso da "Alborada", composición polimétrica por esixencia da melodía á que se adapta.




Texto na estatua de Rosalía en Pontevedra

Follas Novas

É un poemario en lingua galega, publicado en 1880. Rosalía concibiu nun comezo este poemario como unha continuación de Cantares Gallegos. Estamos, xa que logo, ante unha poética que afonda nos sentimentos, na saudade e que ten frecuentemente, por horizonte, a fronteira do propio ser:

“En todo estás e ti es todo
pra min e en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras”.



Follas Novas (Obras Completas). Madrid 1933


a)Estrutura: É unha compilación de poemas ordenados sen un criterio claro. O libro preséntasenos estruturado en cinco seccións:

- Vaguedás.
- Do íntimo.
- Varia.
- Da terra.
- As viúdas dos vivos e dos mortos.

A obra ten unha organización formal pouco elaborada ao comparala con Cantares Gallegos, se ben a súa amplitude temática e a diversidade dos seus textos lle confiren maior universalidade.

b)Poesía subxectiva: Rosalía afástase do sentimentalismo para facilitarnos, mediante a introspección, a súa vida radical, angustiada e pesimista; a procura do sentido da existencia.

Vaguedás, vén a ser unha "Arte poética" relativa aos vencellos entre poesía e vida:



En Do íntimo e nos poemas subxectivos de Varia predomina a saudade e a alienación

c)Poesía obxectiva: O feito de seren poemas, xunto coa presenza dunha Rosalía máis madura, provoca un eu poético moito máis reflexivo que afonda na inxustiza social procurando penetrar no corazón dos seus semellantes dun xeito vivencial. Estamos ante poesía comprometida, cívica; mais nunca panfletaria. A denuncia xorde como sentimento, é pura sensibilidade. O mundo que rodea a Rosalía é unha extensión do seu propio corpo.

d) Métrica: Conflúen tres tendencias métricas:

- A romántica (caracterizada pola polimetría e as combinacións múltiples).
- A popular
- A de experimentación persoal: Follas Novas distínguese pola innovación métrica, por unhas combinacións métricas inusitadas ("Unha vez tiven un cravo", "Cada noite eu chorando pensaba"...), formas estróficas flexibles...

En Follas novas vese:

- A predilección de Rosalía pola asonancia.
- O romance
- A silva arromanzada
- A seguidilla
- O ritmo de muiñeira
- A combinación de hendecasílabo e heptasílabos,

e) Significación: o verdadeiramente insólito é que Rosalía compuxese os seus sentimentos e reflexións sociais nunha lingua tida por dialectal, por flagrante exemplo da incultura dun pobo. Rosalía elabora neste poemario unha poesía universal, sen fronteiras, pero galega, e na lingua dun país daquela recóndito.

EN LAS ORILLAS DEL SAR

Un ano antes do pasamento de Rosalía, esta publicou o que resultou ser o seu último libro de poemas, titulado *En las orillas del Sar* (1884), escrito integramente en lingua castelá. Aínda non hai consenso entre a crítica literaria con respecto á data na que foron creados os poemas recollidos neste libro. Porén, as palabras de González Besada no seu discurso de ingreso na Real Academia Española marcaron á crítica posterior, pois segundo o xornal El Progreso de Pontevedra, afirmaba que *las creaciones ahora recogidas "En las orillas del Sar" han visto la luz pública en 1866*. Polo momento resultaron infrutuosas todas as pesquisas do dito xornal, polo que tampouco se pode afirmar que nel se encontrasen plasmadas as poesías rosalianas.

**A través del follaje perenne
Que oír deja rumores extraños,
Y entre un mar de ondulante verdura,
Amorosa mansión de los pájaros,
Desde mis ventanas veo
El templo que quise tanto.
El templo que tanto quise...
Pues no sé decir ya si le quiero,
Que en el rudo vaivén que sin tregua
Se agitan mis pensamientos,
Dudo si el rencor adusto
Vive unido al amor en mi pecho.**





3. LINGUA E ESTILO

Rosalía emprega unha lingua coloquial, cunha sintaxe e léxico sinxelos. Nunha etapa de carencia dunha norma estándar, á hora de escribir, a autora baseouse, fundamentalmente na fala da área compostelá. Na súa obra atopamos dialectalismos (seseo), vulgarismos (probe), castelanismos (Dios) e hipergaleguismos (concencia). Tamén son habituais as vacilacións léxicas e morfolóxicas (froles/froles) o que nos demostra que á autora lle interesa máis a vivacidade cá pureza da lingua. O estilo, de aparente sinxeleza, baséase nunha reelaboración culta das formas da poesía popular.

Así atopamos recursos como aliteracións, anáforas e paralelismos.

4. IMPORTANCIA E SIGNIFICADO DA SÚA OBRA

Coa publicación de *Cantares gallegos* no ano 1863 iníciase o *Rexurdimento* das letras galegas. A escritora prestixiou ao galego como lingua literaria e reivindicou o seu uso.

Pódese dicir que Rosalía pretendeu defender e redescubrir a cultura e identidade galega perante os de fóra e da mesma autosubestima. A pegada de *Cantares Gallegos* quedou reflectida tanto na posterior produción literaria como no mesmo pobo galego, que ao verse reflectido na obra rosaliana tomou conciencia da súa propia dignidade. O éxito do libro debeuse á extraordinaria conexión que existiu entra a escritora e as xentes do seu país.

Con *Follas novas* Rosalía creou un universo novo e extremadamente persoal, no que o puro lirismo intimista acada a máis alta realización artística, alén das vivencias estéticas, nunha continua e angustiada pregunta sobre o sentido da existencia humana. A poesía que se recolle nesta obra revela a conflitividade dun mundo no que non existen valores eternos e verdades absolutas, e onde o ser humano atópase totalmente só.



Estatua na alameda de Compostela.



5. CRÍTICAS E INFLUENCIAS POSTERIORES

A valoración da obra rosaliana e a mitificación da escritora producíronse tralo falecemento da mesma, posto que ao longo da súa vida esta foi permanentemente menosprezada e marxizada. Foi necesario agardar até os modernistas e a xeración do 98 para que recoñecesen en Rosalía a unha creadora afín ao seu espírito. Principalmente, foron Azorín e **Miguel de Unamuno** os máis acérrimos valedores de Rosalía, quen lle dedicaron entre 1911 e 1912 un total de seis artigos que versaban sobre a escritora galega.

Juan Ramón Jiménez tamén se fixo eco da obra rosaliana, dedicándolle todo tipo de eloxios e considerándoa como a predecesora da revolución poética iniciada por Rubén Darío. Considerándoa unha poeta do litoral, do mesmo xeito que facía con Bécquer, Jiménez outórgalle o cualificativo de innovadora e precursora do modernismo español.

6. DÍA DAS LETRAS



Gala, filla de Rosalía e Murguía, recibe o 17 de maio de 1963 a visita dos académicos

O 20 de marzo de 1963, Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo (membros numerarios da Real Academia Galega), enviaron unha carta ao presidente da institución, Sebastián Martínez Risco, na que se propuña celebrar o centenario da publicación da obra *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro. O 28 de abril, a consecuencia da proposta, declárase Día das Letras Galegas o 17 de maio de cada ano, como queda reflectido na acta da sesión:

“Todos sabemos que o libro rosalián editado en 1863, ten sido a primeira obra maestra con que contou a Literatura Galega Contemporánea [...] Ningunha data máis axeitada pra enaltecer e difundir o libro eiquí producido, que a que conmemora a publicación da obra coa que se encetou o prestixio contemporáneo das Letras galegas.”

7. RECOÑECIMENTOS



O arraigamento social que ten a figura de Rosalíaponse de manifesto na abundancia de institucións, espazos públicos e bens de consumo designados co seu nome. Deste xeito, é posible atopar centros de ensino, parques, rúas, asociacións culturais, premios, bibliotecas, agrupacións folclóricas e mesmo un viño con Denominación de Orixe Rías Baixas, un avión de Iberia, unha aeronave de Salvamento Marítimo, ou un billete de 500 pesetas.

Obviamente, tamén son varios os monumentos dedicados á súa figura no mundo.



En Uruguai




En Ferrol




En Rosario, Argentina

8. ESCRITORES QUE HOMENAXEAN A ROSALÍA



Os maiores promotores de Rosalía de Castro foron os escritores do 98, principalmente, Azorín e Miguel de Unamuno, quen a deron a coñecer a través dos seus escritos en toda a xeografía española e na América hispana.



Juan Ramón Jiménez tamén se fixo eco da obra rosaliana, dedicándolle todo tipo de eloxios e considerándoa como a predecesora da revolución poética iniciada por Rubén Darío. Outórgalle o cualificativo de innovadora e precursora do modernismo español.



Posteriormente son moitos os escritores galegos que lle renden tributo: Ricardo Carballo Calero, Sofía Casanova, Alberto García Ferreiro, Aquilino Iglesia Alvariño, Uxío Novoneyra, ...

***“Campanas de Bastabales
chegaron rompendo o vento
e cantan de pinga en pinga
no meu corazón sedento”***

Avilés de Taramancos




***“Decimos Rosalía
i o corazón da matria
sangra na noite fría”***

Celso Emilio Ferreiro

***“De Compostela a Padrón
díxome o vento a canción
¡Miña amiga!”***

Helena Villar e Xesús Rábade





9. ROSALÍA E A MÚSICA

A música está viva, latente en todo o traballo de Rosalía. Gran apaixonada da música, toca a guitarra e a espineta, crea os seus poemas coa musicalidade dunha cantiga.

Así é como nace “*Negra Sombra*”, a melodía máis popular de Galicia, o gran compositor lucense Juan Montes, ponlle a música e a converte nunha balada, que despois de gañar o primeiro premio dun certame celebrado pola sociedade “*Aires d’a miña Terra*” na Habana, convértese no poema máis cantado de Rosalía.

**“Cando penso que te fuches,
Negra sombra que m’asombras”**

Son moitos os cantantes que lle renderon tributo: Joan Báez, Abe Rábade, Bibiano Morón, Los Tamara, Joaquín Rodríguez, Víctor Manuel...




Amancio Prada

En 1975, grava o seu segundo disco, dedicado a Rosalía. En 1997 publica *Rosas a Rosalía*. A finais de 2005, publica *Rosalía, Siempre*, unha homenaxe á obra poética de Rosalía, sempre presente ó longo da súa traxectoria musical.

**“Adiós, ríos; adiós, montes;
adiós, regatos pequenos”**

Luz Casal

En outubro de 2004 publica *Sencilla alegría*, o traballo inclúe *Negra Sombra*, tema principal da película *Mar adentro*, de Alejandro Amenábar.



Astarot

O sexto disco *Longa Noite de Pedra*, é un disco dedicado a poetas galegos entre eles Rosalía.

Carlos Núñez

No seu terceiro disco ponlle música a dous poemas de Rosalía.






**“Mayo longo, mayo longo
todo cuberto de rosas”**



10. A OBRA ROSALIANA NOUTRAS LINGUAS

É tal a aceptación e o interese que as obras desta escritora espertan no mundo, que nas últimas décadas os seus poemas foron traducidos a linguas como o francés, o alemán, o ruso e incluso o xaponés.

Algunhas traducións da obra de Rosalía:



11. A DECISIÓN DE NON ESCRIBIR MÁIS EN GALEGO

Nunha carta que Rosalía lle dirixe ao seu marido, Manuel Murguía, asinada en Lestrove en xullo de 1881, deixa dito:

“...ni por tres, ni por seis, ni por nueve mil reales volveré a escribir nada en nuestro dialecto, ni acaso tampoco a ocuparme de nada que a nuestro país concierna. Con lo cual no perderá nada, pero yo perderé mucho menos todavía.

Se atreven a decir que es fuerza que me rehabilite ante Galicia. ¿Rehabilitarme de qué? ¿De haber hecho todo lo que en mí cupo por su engrandecimiento?

El país sí que es el que tiene que rehabilitarse para con los escritores, a quienes, aun cuando no sea más que por la buena fe, y entusiasmo con que por él han trabajado, les deben una estimación y respeto que no saben darles y que guardan para lo que no quiero ahora mentar. ¿Qué algarada ha sido ésa que en contra mía han levantado, cuando es notorio el amor que a mi tierra profeso? Aun dado el caso (que niego) de que yo hubiese realmente pecado, por lo que toca al artículo en cuestión, ¿era aquello suficiente para arrojar un sambenito sobre la reputación literaria grande o pequeña de cualquier escritor que hubiese dado siempre probadas muestras de amor patrio, como creo yo haberlas dado?”


A tan citada misiva de Rosalía nacera en resposta ao escándalo e ás duras críticas que nalgúns xornais do país provocara o seu artigo "Costumbres gallegas", publicado en Los Lunes de El Imparcial de Madrid. Nel referíase a un antigo costume dalgunhas zonas de costa galegas nas que as familias, como mostra de hospitalidade e “extrema xenerosidade”, realizarían o “sacrificio” de permitir que o mariñeiro forasteiro pasase unha noite cunha muller da casa.

Os distintos historiadores avanzan tres posibles razóns para o seu abandono da lingua da que foi nai:

- Foi unha decisión nacida da súa dor e fatiga de non ver recoñecido o seu esforzo e contribución á lingua propia, como lle sucedeu a Curros Enríquez, excomungado pola Igrexa, ou Francisco Añón, que morreu na miseria.
- Rosalía buscaba un respecto profesional (aceptar las condiciones que le he propuesto), que non daba conseguido.
- A súa morte prematura converteu en definitiva unha decisión que non tiña por que selo.

Como remate, tamén cómpre lembrar que Rosalía ordenou que, á súa morte, fosen queimados os seus escritos. Non se pode desbotar que, entre eles, houbera obra en galego.

O prematuro falecemento de Rosalía, poucos anos despois, contribuíu a darlles ás súas palabras de ira unha “transcendencia enorme” que, doutro xeito, non terían.



12. RUTA ROSALIANA



① Na Praza de Vigo, en Santiago, está dende 1982 un **monumento a Rosalía**. A elección do lugar débese a que naceu moi preto, nunha casa -hoxe desaparecida- que lindaba co que daquela se chamaba Camiño Novo.



② Collendo a estrada de Noia, a C-543, chegamos a Bertamiráns, capital do Concello de Ames. Desde Bertamiráns, unha estrada local lévanos a Ortoño. No **Castro de Ortoño**, domicilio da familia paterna, en homenaxe a Rosalía, fundouse o Seminario de Estudos Galegos no 1923.



③ Volvendo á estrada C-543 de Noia a Bertamiráns, está a parroquia de Os Ánxeles. Tomando aí a estrada que conduce ata A Picaraña-Padrón, nun desvío á dereita, atoparemos a 4 km San Xulián de Bastavales. Na aldea de Soigrexia tivo residencia esporádica Rosalía. O **templo parroquial de Bastavales** posúe unhas das campás máis fermosas de toda Galicia, instaladas en 1828. Rosalía podía escoitalas desde a casa do Castro de Ortoño. Por Bastavales transcorre o río Sar.

④ Desde Bastavales, pola Picaraña, chegamos a Padrón. Dende alí, pola estrada C-550 chegamos a Lestrove, (Concello de Dodro), onde atoparemos o **Pazo da Hermida**, propiedade de parentes próximos. Rosalía pasou aquí tempadas enteiras e mesmo escribiu parte da súa obra. Contémpnanse o val do Sar e Ulla, e a veiga de Lestrove.



⑤ Padrón é un bo lugar para xantar ó aire libre, na paraxe do **Santiaguíño do Monte**, lugar vencellado ás máis queridas lendas xacobeas. Nesta fermosa vila son sitios de interese: o convento dos Dominicanos, a Igrexa parroquial co Pedrón, o Xardín Botánico e o Espolón.

⑥ Pola estrada LC-242 que leva ata Pontevea, a 3 Km. de Padrón, está a aldea de Arretén onde se sitúa o **Pazo** dos devanceiros maternos de Rosalía. Era coñecido como a 'Casa Grande' e así aparece nos seus versos.

⑦ Un dos momentos culminantes da Ruta Rosaliana é a visita á **Casa Museo**, na pequena aldea da Matanza, a 1 Km. de Padrón

⑧ Desde a Casa Museo, por Padrón, a 2 Km pola N-550 poden atravesarse as veigas a pé, por un excelente camiño desde a Matanza a **Iria Flavia**.

A **Colexiata**, que segundo a tradición foi a primeira catedral de España, está rodeada por un fermoso adro. É o cemiterio de Adina que canta Rosalía, e onde estivo soterrada de 1885 a 1891. A tumba está sinalizada.



⑨ De volta en Santiago, na Igrexa de San Domingos de Bonaval, antigo convento dos dominicos, está o Museo do Pobo Galego e o **Panteón de Galegos Ilustres**.